

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO PIAGO E A SÚA INFRAESTRUTURA ELÉCTRICA DE EVACUACIÓN
Promotor	NATURGY RENOVABLES, SLU
Localización	CONCELLOS DE CERVO, XOVE, VIVEIRO E O VALADOURO (LUGO)
Expediente	IN408A 2020/25

SOLICITANTE: O Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 21/06/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1186139, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 11/01/2022 e número de rexistro 2022/43444 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 06/07/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1429850, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 11/01/2022.
- Con data 22/07/2022 e número de rexistro 2022/1554414 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 09/09/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1803004, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 22/07/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, polo que se emite informe favorable, coas seguintes consideracións:

- Dados os elevados valores acadados que superan amplamente o limiar para o "caso real" de 8 h/ano, no estudo presentado de Shadow Flicker ao respecto do núcleo de O Pesquedo (Coord. ETRS 89 Huso 30: X:625345,05; Y: 4833841,07, a 1271,19 mts ao Aero L4-01 – receptor C) na consideración de efecto sinérxico con respecto ao Parque eólico Caroliño (do mesmo promotor), no caso de confirmarse a superación do limiar establecido no plan de seguimento específico durante o primeiro ano de funcionamento do parque, analizarase a conveniencia de aplicar as medidas de mitigación indicadas:

- * Instalación de sistemas de protección nas ventás dos receptores.
- * Emprego de vexetación como protección das fachadas afectadas polo efecto de Shadow Flicker.

En caso de resultar as medidas anteriores insuficientes, contemplárase medidas mais restritivas como a aplicación dun sistema de control de parada técnica de aeroxeradores.



Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital
O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

